



SOLICITUDE DE ADMISIÓN_CURSO 2026-2027

1.º Prazo e entrega de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes de admisión para o curso 2026-2027 comeza o 1 de marzo e remata o 20 de marzo de 2026, ambos inclusive.

As solicitudes ([ED550B](#)) presentaranse preferiblemente por **vía electrónica**, mediante o formulario normalizado dispoñible na aplicación informática admisionalumnado (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>), a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Poden consultar o manual para as familias premendo [aquí](#).

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes **presencialmente** no centro docente indicado en primeiro lugar, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. O horario de secretaría do centro é de 09:00 h. a 14:00 h., de luns a venres.

Os formularios normalizados de solicitude e de comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar e consentimento da outra persoa proxenitora, titora ou acollidora ([ED550B](#)) tamén estarán accesibles:

- a) Na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>
- b) No portal educativo no enderezo <http://www.edu.xunta.gal>
- c) Nas dependencias dos centros docentes.

Cada alumno/a poderá presentar unha solicitude de admisión, solicitando ata seis (6) centros por orde de preferencia, e alegar os criterios de admisión que desexe baremar. Esta solicitude de admisión dirixirase ao centro solicitado en primeiro lugar.

Despois de presentar unha solicitude de admisión, para renunciar a ela deberá facerse expresamente, indicándoo no recadro correspondente da nova solicitude que deberá presentarse. Así mesmo, débese presentar a renuncia tamén no centro educativo onde se fixo a primeira solicitude. A presentación de máis de unha solicitude, sen renunciar á anterior, determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

2.º Documentación a entregar xunto coa solicitude

Solicitude [ED550B](#) (con [Anexo II-BIS](#)) + DNI do alumno/a e os membros computables da unidade familiar + Libro de familia

En caso de separación ou divorcio, deberán achegar a sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do menor.

OPCIONAL E RECOMENDABLE: Documentación complementaria (criterios de admisión)

*O Volante de empadramento familiar pode solicitalo na páxina web do Concello de Vigo.

https://sede.vigo.org/expedientes/formularios/form_padron_familiar.jsp?lang=es

3.º Publicación de admitidos sen baremo

O **día 21 de marzo de 2026** publicárase, de ser o caso, no taboleiro de anuncios do centro, a lista de admitidos sen baremo.



4.º Documentación complementaria

No caso de que a demanda sexa superior á oferta de prazas, será necesario presentar (se non se fixo inicialmente) a documentación acreditativa dos criterios de admisión no prazo do **23 de marzo ao 7 de abril do 2026, ambos inclusive**. Esta información publicárase no taboleiro de anuncios do centro e na páxina web.

As persoas interesadas deberán achegar, de ser o caso, no centro indicado en primeiro lugar, a seguinte documentación:

- a) [Anexo II-bis](#) (Comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar e de consentimento da outra persoa proxenitora, titora ou acollidora).
- b) Documento acreditativo da representación.
- c) Copia do libro de familia ou documento equivalente onde figure o/a alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar. En caso de separación ou divorcio, deberán achegar ademais a sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do menor.
- d) Certificado de convivencia dos membros computables da unidade familiar, que deberá indicar a data de alta e estar expedido no ano anterior ao inicio do prazo de presentación de solicitudes. Se a residencia no domicilio fose inferior a 1 ano, deberá, achegar ademais escritura de compra, contrato de alugamento ou título que lexitima a ocupación da vivenda, así como recibos acreditativos do pagamento de subministracións (auga, luz...).
- e) Lugar de traballo. Persoa traballadora por conta allea: contrato de traballo en que conste o enderezo do centro de traballo e informe de vida laboral obtido no ano natural do procedemento de admisión.
- f) Lugar de traballo. Persoa traballadora por conta propia: certificado de alta no censo de actividades económicas da AEAT no que conste o enderezo do centro de traballo ou licenza de apertura ou actividade do concello, se non está obrigado a estar de alta no dito censo.
- g) Lugar de traballo. Persoal ao servizo das administracións públicas: certificado da unidade de persoal en que conste o enderezo do centro de traballo.
- h) Libro de familia ou certificación de parto múltiple.
- i) Documentación xustificativa da condición de familia monoparental.
- j) Certificado de discapacidade da persoa solicitante ou membro computable da familia non expedido pola Administración autonómica.
- k) Documentación xustificativa da condición de vítima de violencia de xénero de acordo co artigo 5 da Lei 11/2007, do 7 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- l) Certificado de vítima de terrorismo de acordo coa Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo.
- m) En bacharelato (primeira solicitude de admisión nesta ensinanza): certificación académica da nota media do último curso finalizado nun centro privado non concertado de Galicia ou en calquera tipo de centro de fóra de Galicia.
- n) Preferencia por estudos. Matrícula en ensINANZAS regradas de música.



- o) Preferencia por estudos. Matrícula en ensinanza regradada de danza.
- p) Preferencia por estudos. Matrícula nun programa de alto rendemento deportivo.
- q) Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- r) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento.
- s) Certificado de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que as persoas proxenitoras ou titoras carezan de DNI ou NIE.

A documentación complementaria poderá presentarse presencialmente no centro docente ao que se dirixa a solicitude ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, ou por vía electrónica cando a solicitude se dirixa á dirección do departamento territorial da provincia de Pontevedra.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código, o centro docente ou o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

En todo caso, os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación e reflectir a situación persoal e familiar na data de inicio do prazo de presentación de solicitudes, agás a situación económica, que será a do exercicio fiscal anterior en 2 anos ao ano natural da solicitude.

5.º Lista provisional e reclamacións

A asignación de prazas de persoas admitidas e non admitidas (tanto nas listas provisional como definitiva) farase, por orde de puntuación, de maior a menor, **por cursos e modalidades** no caso de bacharelato.

A **lista provisional** de persoas admitidas e non admitidas **publicarase o día 27 de abril de 2026, no taboleiro de anuncios do centro.**

No prazo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte a esta publicación (do **28 de abril ao 4 de maio de 2026, ambos inclusive**) poderán formularse as **reclamacións** que correspondan.

Advertencia: a lista é provisional. Se algunha das reclamacións prospera, **a lista pode verse alterada**. Isto pode provocar que alguén que figure como admitido/a nestas listas poida verse en situación de non admitido/a cando se publiquen as listas definitivas.

6.º Listas definitivas

Tras resolvérense as posibles reclamacións, o día **15 de maio de 2026** publicaranse as **listas definitivas**.

7.º Matrícula

O alumnado admitido **deberá matricularse** entre os días **23 de xuño e o 7 de xullo de 2026, ambos inclusive**. Por cuestións organizativas do centro, antes do 23 de xuño e previo aviso, na secretaría do centro, establecerase un calendario para os distintos niveis.



8.º Lista de espera

As prazas que queden sen cubrir serán cubertas polo alumnado en reserva. O aviso será telefónico e por correo electrónico. Se o contacto non é posible avisarase á seguinte persoa en reserva.

O período de formalización da matrícula para este alumnado será o que se lle indique no seu momento.

O alumnado **matricularase exactamente na mesma modalidade que solicitou no período de solicitude de admisión.**

9.º Centros adscritos

Os centros adscritos ao IES Santa Irene son:

- CEIP Plurilingüe Pintor Laxeiro
- CEIP Canicouva

10.º Área de influencia

Para valorar o criterio de proximidade do centro educativo ao domicilio familiar ou ao lugar de traballo dos/as proxenitores/as ou titores/as legais terase en conta a **área que se xunta** a este documento.

11.º Oferta de prazas

CURSO	N.º VACANTES*
1º ESO*	0 ¹
2º ESO	4
3º ESO	0
4º ESO	0
1º BACHARELATO - CIENCIAS	27
1º BACHARELATO – SOCIAIS e HUMANIDADES	26
2º BACHARELATO - CIENCIAS	26
2º BACHARELATO – SOCIAIS e HUMANIDADES	0

***A relación de vacantes é provisional e está suxeita a cambios e posibles aumentos nos números indicados**

12.º Outro tipo de información

Calquera outro tipo de información sobre o centro pódese consultar na web do mesmo <http://www.edu.xunta.gal/centros/ies.santairene/> ou empregando o enderezo electrónico ies.santairene@edu.xunta.gal.

¹ Plazas con prioridade para alumnado con Necesidade Específica de Atención Educativa (NEAE)